

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA  
ELECCIÓN DE ALCALDE, CELEBRADA O DÍA 14 DE XUÑO  
DE 2007.-**

No Salón de actos da Casa Consistorial do Páramo (Lugo), sendo as 12.30 hrs., do día dezaseis de Xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ó que dispoñen os artigos cento noventa e cinco (195) e cento noventa e seis (196) da Lei orgánica 5/1985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de Marzo; 6/1992, do 2 de Novembro; 13/1994, do 30 de Marzo; 3/1995, do 23 de Marzo; 1/1997, do 30 de Maio e 3/1998, do 15 de Xuño e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, xuntáronse, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 27 de Maio de 2007, que son os seguintes: D. Gumersindo Antonio Rodríguez Liz, Dna. Begoña González López, Dna. Verónica Arias López, D. José Rodríguez Pérez, D. José López Díaz, D. Pablo Armesto Rodríguez, Dna. Yolanda Vázquez López, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro e D. José Luis Díaz López, asistidos polo Secretario da Corporación D. Antonio Lorenzo Morandeira, quen fai constar que se cumprimentou o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento, relativo á presentación polos Concelleiros electos das correspondentes credenciais, e o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/85 de 2 de abril, relativo á declaración de bens patrimoniais e causas de posible incompatibilidade e de actividades, como trámite previo legal para este acto.

**I.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.-**

Seguidamente procedeuse a forma-la Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro de maior idade, de entre os asistentes, D. José López Díaz, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, Dna. Begoña González López, e actuando como Secretario da mesma o que é da propia

Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento, pola devandita Mesa declárase constituída a Corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de Xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de Abril (B.O. do Estado do día 6), utilizando a modalidade de xuramento o Sr. Concelleiro , D. José Luis Díaz López , e a modalidade de promesa os Sres. Concelleiros restantes: D. Gumersindo A. Rguez. Liz, Dna. Begoña González López, Dna. Verónica Arias López, D. José Rodríguez Pérez, D. José López Diaz, D. Pablo Armesto Rodríguez, Dna. Yolanda Vázquez López e Dna. M<sup>o</sup> Jesús Gil Castro. Acto seguido procédese, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

<b>NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS</b>	<b>LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS</b>
D. GUMERSINDO A. RODRÍGUEZ LIZ .....	PARTIDO POPULAR (P.P.)
D. PABLO ARMESTO RODRÍGUEZ .....	PARTIDO SOCIALISTA (PS de G- P.S.O.E).
D. JOSÉ LUIS DÍAZ LÓPEZ.....	T.E.G.A
DNA. M <sup>o</sup> JESÚS GIL CASTRO.....	B.N.G.

## II.-ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis das varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procedeuse á Elección de Alcalde, iniciándose a votación ordinaria, a man alzada segundo acordo adoptado por unanimidade de tódolos Concelleiros, de acordo co que establece o artigo 102 do mencionado Regulamento, para elexilo de entre os candidatos proclamados a devandito cargo, obténdose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO. -	Nº VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN Nº
D. GUMERSINDO A. RODRÍGUEZ LIZ (P.P.)	CINCO	5
D. PABLO ARMRESTO RODRÍGUEZ(PSOE)	DOUS	2
D. JOSÉ LUIS DÍAZ LÓPEZ(TEGA)	UN	1
DNA. Mª JESÚS GIL CASTRO (BNG)	CERO	0

En consecuencia, unha vez obtida a maioría absoluta legal, resulta elexido Abstense na votación a Concelleira Dna. Mª Jesús Gil Castro.

En consecuencia, unha vez obtida a maioría absoluta legal, resulta elexido Alcalde da Corporación o Sr. Concelleiro candidato do Partido Popular, D. Gumersindo Antonio Rodríguez Liz.

Inmediatamente o Sr. Concelleiro que resultou elexido como Alcalde deste Municipio, D. Gumersindo Antonio Rodríguez Liz, integrado na Lista ou Candidatura do Partido Popular (P.P.), previa promesa, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupa-la Presidencia.

### III.-ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-

A continuación polo Sr. Secretario-Interventor, de conformidade co disposto no artigo 36.2 do R.O.F., dáse lectura á acta de arqueo extraordinaria realizada con motivo da constitución da nova Corporación, que reflexa unhas existencias na Tesourería de Douscentos doce mil douscentos oitenta e nove con trinta e nove euros (212.289,39 €), xuntando os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores depositadas na Caixa Municipal e Entidades Bancarias, así como do Patrimonio da Entidade resultante do Balance de situación e Anexo ó 16/06/2007, ante a inexistencia dun Inventario de Bens e dereitos actualizado no seu contido e valoración económica.

Achégase ó expediente da sesión a documentación sinalada.

Cumplido o obxecto da convocatoria polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión sendo as doce horas e cincuenta minutos do día indicado do que eu o Secretario dou fe.